

Onstopus

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns


<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº7 / Ano: 2020 / 2º xornal Mes de xuño / Estado de moito sentidiño

ONS ARQUEOLÓXICA

A Laxe do Crego, situada nun illote na banda sur da praia de Area dos Cans é un resto arqueolóxico sobre o que é necesario realizar un estudo completo feito por especialistas. Aínda que Laxe do Crego é o seu topónimo máis coñecido, ten outros como <Cama do Abade>, <Illote Sepultura>, <Con do Abade>, <Laxe do Abade>...

Páx. 1



LIBRO: "ISLA DE ONS.

PRIVILEGIO DE LA NATURALEZA"

Mª Jesús Otero Acuña sacou a 2ª edición do seu libro sobre a Illa de Ons. A primeira edición vía a luz no ano 1993 e, despois de 26 anos, volveu a sacar unha segunda edición moito máis completa que a anterior, con nova fotografía e con 12 apartados, entre os que destacamos o de Historia que vai moi traballado e a Bibliografía que consideramos unha das máis completas sobre a Illa de Ons.

Páx. 2



ONS NA MEMORIA

Recollida de algas na Praia de Fedorentos. Os illáns tiñan esta actividade como un complemento máis para a súa economía.

Pax. 1

NOTICIAS DO "COMPOSTELANO"

- Tabaco para os pobres de Ons.
- Abordaxe dun veleiro e un vapor.

Páx. 2

CONTOS DE TABERNA

Comentabamos dunha ocasión que coa chegada da televisión e agora con isto das redes sociais, estase a perder ese fantástico mundo dos faladoiros, onde reuníanse tanto homes como mulleres para dar renda solta a todo tipo de contos, xa foran certos, inventados ou simplemente para comentar ou criticar isto ou aquilo. Esas conversas que podían ser na propia casa a carón da lareira, nos bancos de calquera rúa, cruce ou praza,..., nos salóns de peiteado de homes e mulleres,..., ou nas tabernas, daban pé a un mundo de historias, que ben recompiladas, terían que ser consideradas parte da historia e da cultura dun pobo. Imos a comezar outro bloque neste minixornal dedicado a estes contos que escoitamos nestes faladoiros.

Páx. 2



BREVES

- Quen se cargou o *chiringo* de Area dos Cans?
- Verdadeiramente haberá Servizo de Primeiros Auxilios PERMANENTE este verán en Ons?
- Danos colaterais do Covid-19. As novas mesas de pedra da baixada a Area dos Cans, non poderán utilizarse para evitar problemas.

Páx. 3


A COMPARSA "VOU NUN BOU" CANTA EN ONS O HIMNO DE BUEU E A CANCIÓN DA ILLA DESTE PASADO ENTROIDO.

Páx. 4



ALFONSO ZARAUZA, director da película "Ons", consegue fotografarse co "actor" Tinón que, por razón de saúde, non puido participar na película.

Páx. 4



ONS ARQUEOLÓXICA

Comezamos esta sección de Onstopus falando da **Laxe do Crego**.

A Laxe do Crego, é un sarcófago antropomorfo escavado na rocha dun pequeno illote que se atopa ao sur da praia de Area dos Cans. Con marea baixa pode accederse a ela e ninguén recorda, aínda que é un illote relativamente baixo, que a auga o cubrira por completo.

Non hai ningún estudo exhaustivo sobre ela. Diferentes autores, ao longo do tempo, nomeárona e datárona de época medieval e vinculada a un posible mosteiro que, segundo apuntan, puido existir en Ons alá polo século XV. Tiña unha tapadeira que cubría o sarcófago, pero, segundo contan os veciños, unha forte marusía levantouna do sitio e achegouna á praia, onde foi recollida por un illán e levada á súa casa quizais buscándolle unha posterior utilización, cousa que non chegou a ocorrer debido á superstición e ao receo pola súa procedencia, quedando depositada preto da entrada da súa casa e utilizada como asento. Agora está exposta no Centro de Visitantes de Ons onde explican a súa historia e procedencia.

Sobre ela existen algunhas interesantes lendas. Tamén, sobre todo a finais de agosto e en setembro, cando comeza a morrer a alga e se dá algunha marusía, a sepultura énchese de auga e mestúrase no seu interior o sal froito da seca da auga salgada acumulada durante o verán, a auga do mar e as algas arrincadas pola marusía. Despois dun tempo, esta mestura soe coller un cheiro bastante forte e unha cor vermella, pero que, segundo contan, esa auga era moi boa para a pel daquelas persoas que tiñan problemas dermatolóxicas. Contan que no día da Festa da Illa, se se daba o caso de que a Laxe estivera con esa auga, persoas procedentes da bisbarra do Barbanza, achegábanse ata ela e frotábanse o corpo con esa auga, poñéndose logo a roupa por riba. Podemos imaxinar o tufo que deberían levar. Os propios illáns sabían perfectamente se alguén fóra a botarse desa auga, adoitaban dicir: “*Collíanse polo cheiro*”.



ONS NA MEMORIA

Foto de mediados dos anos 80 s.XX na praia e enseada de Fedorentos. Nela vemos a Camilo remando, a súa nai, Aurita, sentada na popa, na auga a súa irmá Carme e Tinón empurrando a dorna. Sobre a embarcación vemos uns sacos, estes están cheos de <algas> que antes se recollían na Illa para a venda e posterior utilización en medicina, droguería e alimentación. As algas, despois de apañadas, poñíanse a secar. Cando estaban ben secas, volvíanse a meter nas bolsas e levábanse á de Checho para ser pesadas e logo empacadas. Checho, despois de pagalas, almacenábaas e cando xa tiña acumulada unha cantidade que el cría adecuada, chamaba e viña un barco expresamente a buscalas. Segundo parece, despois levábanas, para o seu adecuado proceso e cualificación, a unhas fábricas situadas no Porriño e no Rosal. A súa utilización era, segundo a alga recollida, unhas para droguería as máis valoradas, outras para medicina as mellor pagadas, e as menos apreciadas daquela, para alimentación.



CONTOS DE TABERNA EN ONS

Na Illa de Ons, como comunidade agrícola-mariñeira, estes faladoiros dábanse entre os mariñeiros nos propios barcos, durante a sementeira e recolleita, nas longas xornadas coidando do gando no monte, na praia arranzando as redes ou dándolle carena ás dornas,..., e, sobre todo, nas tabernas.

Para non dar nomes, haberá sempre dous protagonistas: Pepe e Manolo da Illa e os contos terán como espazo a mesa da partida, de calquera taberna illán.

O conto do turista que perdeu 20 pesos na Praia das Dornas


No verán, o fondeadoiro do peirao de Ons atopábase cheo de barcos, tanto de mariñeiros como de recreo. Polo normal, fan a manobra de atraque, deixan ás persoas que traen e logo van fondear. Moitos están de paso e van cear aos bares da Illa, outros quedan alí ata o día seguinte.

Aquela noite, nun dos bares estaban, na mesa da partida, varios illáns parolando. Nun intre, entrou un home descoñecido, cun xeito como de atoparse un pouco “mareado”. Dende a mesma porta, o home xa entrou mirando para o chan, como buscando algo. Como atordado, percorreu o bar de proa a popa e de babor a estribor, sempre cos ollos postos no chan. Os illáns, que non perdían tallada do que comían e do que facía este home, miráronse sorprendidos e Pepe da Illa, preguntoulle:

- Oes, perdiches algo? – O home, un pouco a cambalear, parou, mirou para eles e contestou:
- Si, fun mexar á Praia das Dornas e debín de perder alí os 20 pesos que traía para tomar unha cervexa.

De novo os illáns miráronse estrañados e co sorriso nos beizos, Pepe da Illa, díxolle:

- Mira, se perdiches os 20 pesos na praia, que carallo fas buscándoo aquí?
- Hooome!!!, porque na praia non hai luz, carallo!!!



LIBRO: ISLA DE ONS.

“PRIVILEGIO DE LA NATURALEZA.

M^a Jesús Otero, ven de sacar a segunda edición do seu libro. Xa dende o seu ingreso na universidade a súa dedicación polo estudo da Illa foi total, de feito, todos os traballos de fin de carreira como no Master de Dirección de Empresas, versaron sobre a Illa de Ons.

Comezou esta tarefa de divulgación no ano 1990 con folletos onde, á vez de dar información sobre a Illa, tamén ofrecía varias Rutas a realizar por Ons. Posteriormente, editou un folleto máis amplo con información social, histórica e etnográfica e no ano 1993 sacou a primeira edición deste magnífico libro.

Agora pon nas nosas mans a 2^a edición, moito máis completa e con moita información histórica, etnográfica, rutas, gastronomía,..., posta ao día. Destacar a súa interesante bibliografía, unha das máis amplas das que podemos ver noutros libros sobre esta engaiolante Illa.

DONATIVOS A CENTROS BENEFICOS.—Por el Gobier no Civil fueron distribuidas 40.000 pesetas en donativos a todos los establecimientos benéficos de la provincia y turrónes por valor de 2.000 pesetas, a la Casa Hospicio y Auxilio Social.

También se distribuyeron 7.000 pesetas entre familias necesitadas. A los pobres de la isla de Ons se envió tabaco por valor de dos mil pesetas.

TABACO PARA OS POBRES DE ONS

Estamos a ver como os veciños de Ons están en loita para conseguir ás súas xustas reivindicacións, unha tan clara, como facilitarles o acceso ás súas casas illáns. Á vez, vemos como a administración ponlle pegas por todos os lados, tal como obrigar a Cesáreo a facer un curso de informática para poder sacar un billete de barco para ir a súa casa na Illa, increíble!!!

Pero como podemos comprobar nesta noticia do xornal “O Compostelano” de data 21/12/1945, onde a administración en vez de gastar os cartos nas verdadeiras necesidades que tiñan os illáns por aquelas datas, enviáronlle un donativo en tabaco. Os illáns, dende sempre, aldraxados!!!



“El Compostelano” 25/ 06 / 1935

A pocas millas al Oeste de l Isla de Ons (Marín), navegaba e domingo de madrugada con la debidas precauciones a causa d la niebla, el velero «Virgen de Carmen» y el vapor de pesc «Primero Gestoso Costa». Debid a la cerrazón las dos embarcacio

nes se abordaron, sufriendo tales averías que ambas se hundieron.

El buque pareja del pesquero de Vigo «San Andrés Apóstol», acudió en auxilio de los naufragos, recogiendo a todos excepto a dos que desaparecieron bajo las aguas. Uno era el patrón del velero, llamado Francisco Cousi llas, y el otro el cocinero del mismo buque llamado Modesto Suei ro, ambos naturales de Corme.

ABORDAXE NAS PROXIMIDADES DE ONS

As augas da Illa de Ons sempre tiveron un enorme tráfico marítimo, xa sexa de mercadorías, de pesca,..., ou de ataque e pillaxe. Iso provocou que houbera numerosos accidentes marítimos. Os de grande envergadura como o do francés <Barsac>, ou da Armada <Cíclope>, o submarino <General Mola>,..., ou o pesqueiro <María Luísa> deron pé a facer correr regueiros de tinta, pero estes pequenos quedaron no esquecemento.

QUEN SE CARGOU O CHIRINGUITO DE AREA DOS CANS?

Aqueles que no ano 1989 celebrabamos a inauguración dun *chiringuito* na Praia de Area dos Cans, rexentado por Mino e Mari, un xoven matrimonio da Illa, que conseguirán, non sen esforzo, un permiso para móntalo recibimos un enorme pao, ao ver como, despois de 31 anos, *unha escura man*, faino desaparecer e con el un mundo de recordos, bos momentos, amizades, bo rolliño,..., e ata cultura mariñeira.

Alí vimos nacer e crecer ás súas dúas fillas María e Eva. Alí criáronse e dende moi pequenas, axudaban aos seus pais a levar o *chiringo* adiante. O triste pasamento da súa nai, pelexando ata o último suspiro cun cancro e co seu pai con problemas de mobilidade, fixo que, aínda sendo moi novas, se puxeran ao fronte do *chiringo* conseguindo que este lugar fora un recanto de paz, acorde coa natureza, onde se vivía e respiraba liberdade. Hai uns anos conseguiron que a administración, contan pola Illa que de palabra, lles deixara montar un *chiringo* de madeira, perfectamente en consonancia coa natureza e que, ao carón de seguir sendo un remanso de paz, daba un servizo inexistente e importantísimo aos que gozaban da praia, como era unhas latrinas.

Que mal facía? Por que hai na administración tanta maldade contra os veciños de Ons? Nin tan sequera lle deixaron este ano para recuperarse do enorme esforzo económico que tiveron que facer para mercalo e montalo. Tal foron as présas, supoñemos con fortes ameazas de multa, que tiveron que regalalo, segundo contan, para poder afrontar o custo do desmonte e o seu traslado ao continente. 31 anos tirados pola borda e dúas mozas sen traballo por obra e graza, de quen?



Arriba: Así era o *chiringo*, en equilibrio e harmonía coa natureza.

Abaixo: O que queda del, despois de obrígalos a quitálo.



NOVAS MESAS DE PEDRA NA BAIXADA A AREA DOS CANS

Como xa lle facíamos saber a Parques a nosa satisfacción polas mesas de pedra que puxeran na baixada á Praia de Area dos Cans. Este ano que poderían cumprir o seu cometido, o Coronavirus fixo que estean precintadas co fin de evitar problemas maiores ao ser moi difícil manter a súa eficaz desinfectación. De todos os xeitos, agradecer a Parques este novo servizo para visitantes e, á vez, pedirlle que coloquen uns carteis informativos para o seu correcto uso, co fin de que os que as vaian utilizar, non deixen as neveiras, bolsas, mochilas,..., enriba, ocupándoas mentres estean na praia.



SERVIZO SANITARIO PERMANENTE EN ONS. VERÁN 2020

Outra enorme sorpresa, esta máis satisfactoria e importante, e que este ano vai haber Primeiros Auxilios de xeito Permanente en Ons. Cando nos informaron, e co único fin de dar as grazas e agradecer ao organismo que, por fin, despois de 30 anos pedíndoo, teríamos unha tranquilidade ao saber que un facultativo especialista (médico ou ats) ía a estar en Ons pola noite dando unha seguridade en caso dalgún contratempo sanitario grave, quixemos coñecer ben todos os detalles para enviar un escrito de agradecemento ao Organismo que o subvencionou e, á vez, tamén á prensa, pois, ao igual que os mandamos reprobando a súa falla, agora queríamos compensar agradecéndoo. Para non molestar, preparamos unhas dez preguntas para saber que organismo o patrocinaba, horarios, que tipo de facultativo ía a estar ao fronte, que quendas terían, se ía a haber tamén socorristas, teléfonos, onde ían *pernoctar*,..., para, cos datos na man, facer un escrito e nota de prensa completos e ben informados. Cal foi a nosa sorpresa que, cando nos diriximos á persoa que estaba ao fronte do Servizo, non quixo contestar a estas sinxelas preguntas e derivounos ao organismo que a contratou. Un pouco sorprendidos, aínda que entendíamos a súa postura, esa persoa está alí para facer o seu traballo e non ten por que contestar, dirixímonos a Parques, xa que é o organismo que xestiona o Parque e ten a obriga de coñecer e ser transparente para dar unha contestación a unhas preguntas tan obvias. Pois, aínda estamos a esperar resposta. Haberá algo raro? Que motivos terán para non haber transparencia neste importante asunto? Ben, esperearemos a ver que pasa.

VOU NUN BOU “A HISTORIA DO PORCO DA ILLA”

Esta historia comezou
por levar un porco á Illa.
“Cóidame deste animal
porque é unha marabilla”.

O homiño, todo machote,
Díxolle: “maloserá,
o porco parece manso,
isto o fajo nun plis-plas”.

*Carallo....
“Estarme todos atentos”
decía á tripulación.
Berraba...
“Que si lle pasa algo ó porco
a min córtanme os collóns”*

Que tranquilo iba o porquiño,
lle meteran dobre sedación.
Que contento iba aquel home
da mellor persebeira de Ons.

Vaia susto que levou
cando ían desembarcar,
o porquiño escorejoulles
houbo de afojar no mar.

Volveron subilo á grúa
e de novo lles safou,
e co ostión que dou no muelle
o animal espabilou.

*Carallo...
Pa que o porco no escapara
montouno estilo cowboy.
Coitado...
Ajarrouno das ourelas,
o porco o sapateou.*

“Axudarme a coller o porco,
vai chegar o barco de Bueu,
se a muller non topa o curricho
quen acaba na corte son eu”.

A muller deste señor
non sabemos o que come,
pero cando está enfadada
solta ostias coma un home

Si lle falas desta historia
o homiño queda calado,
non sabemos que animal
ó final quedou capado.

*Carallo...
Esta é unha historia triste
que che canta Vou nun Bou.
Pobriño...
A travesía dun porco
e as penurias que pasou.*

Estas son historias da Illa
estas son historias de Bueu,
estas son historias da Illa
estas son historias de Bueu.

COMPARSA “VOU NUN BOU”. BUEU

A mellor comparsa de Bueu, que fai que o Entroido sexa único nesta vila, regálanos outra letra que ten que ver coa Illa de Ons. (á esquerda).

Tivemos a sorte de gozar da súa presenza este pasado fin de semana do 11 de xullo en Ons, no xantar que realizan todos os anos no Restaurante “O Pirata”, alí tivemos a sorte de escoitar dúas das súas letras deste ano, a que, no confinamento, en Bueu, foi o himno desta Vila e que se cantaba dende todos os balcóns, e o dedicado ás reivindicacións que os veciños están a facer para conseguir os seus lexítimos dereitos.

Cando cantaban a canción da Illa deste pasado entroido, víamos como aos illáns víñanlle as bágoas aos ollos.



EN CAMAWEY, <NON FOTOS>, POR FAVOR

Álvaro Camawey, *camawuayano* de toda a vida, dos poucos que, despois de que a administración se lle dera por eliminar a zona de acampada de Melide en Ons, sigue loitando polo nudismo nesta engaiolante praia; quéixase agora dos téxtiles que, ao carón de non respectar o nudismo e aos nudistas, dedícanse a fotografar, cos seus móbiles, este xeito de liberdade. Tivo a ocorrencia de poñer, todos os días, este rótulo ao seu carón.



O DIRECTOR DE CINE GALEGO, ALFONSO ZARAUZA, CONSIGUE FOTOGRAFARSE EN ONS CON <TINÓN> O ACTOR MÁIS COTIZADO, DESPOIS DE CESÁREO E PEPE DE MIRO, LOXICAMENTE.



Alfonso Zarauza (segundo pola esquerda) ao lado de Tinón (no medio) e da Presidenta da Asociación Veciñal de Ons (segunda pola dereita).